

Excmo. Sr. Vicepresidente da Xunta de Galicia,

Na Facultade de Ciencias da Saúde (FCS) da Universidade da Coruña impartense na actualidade tres titulacións: a **Diplomatura de Terapia Ocupacional** e os **Posgraos Oficiais en Xerontoloxía e en Neurociencia**. A partir do curso 2007-2008 vaise a implantar o novo **Posgrao Oficial en Ciencias da Saúde** que consta de varios itinerarios, un deles centrado na **Reeducación Funcional, Autonomía Persoal e Calidade de Vida**. Entre os profesores da facultade hai terapeutas ocupacionais, médicos rehabilitadores, entre outros profesionais do ámbito de Ciencias da Saúde. Todas estas titulacións e os seus contidos, así como os seus profesionais están directamente vinculados co desenvolvemento da recente **Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia** que actualmente están vds. desenvolvendo eficazmente coa posta en funcionamento dos equipos “de valoración da dependencia” e a creación de numerosos Centros de Día en Galicia, entre outras importantes iniciativas.

Ao noso xuízo, neste centro, preferimos que se prime a promoción da autonomía persoal sobre a atención á dependencia, ambas perfectamente válidas. O término autonomía persoal supón falar en clave construtiva e favorece a creación de sistemas de prevención que supón aforro económico a medio prazo. Neste sentido é interesante que, neste marco legal, favoreza a creación de equipos de asistencia domiciliaria integrados por médicos rehabilitadores e por terapeutas ocupacionais, de forma similar a os creados na Junta de Andalucía dende hai varios anos. Se todo bascula hacia a dependencia, dalgunha forma estase sacralizando unha terminoloxía pexorativa e unha proxección conceptual restrictiva.

Solicitamos o apoio específico e a colaboración da Xunta de Galicia, nos aspectos específicos seguintes:(carta privada)

Interesaríanos concretar con vds. algún **concerto ou convenio de colaboración** que poidan incluír estes e outros aspectos a efectos de sumar esforzos e compartir a construción deste novo pilar do Estado de Benestar.

Estamos a súa disposición a efectos de conversar, se vd. así o estima, sobre o posible acordo de participación conxunta, ao mesmo tempo que poñemos a súa disposición a nosa Facultade de Ciencias da Saúde como medio/ferramenta para a difusión e a promoción da autonomía persoal.

Atentamente,

Prof. Dr. Sergio Santos del Riego
O vicedecano

A Coruña, 15 de febreiro de 2007

EXCMO. SR. VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR